

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------|------------------------|---------------|
| 15026753 | IES A Pontepedriña | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Psicoloxía | 2º Bac. | 4 | 116 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 18 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 20 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 20 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 22 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 22 |
| 7.2. Actividades complementarias | 23 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 23 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 24 |
| 9. Outros apartados | 24 |

1. Introducción

A materia supón unha introdución á Psicoloxía. Se inicia coa historia da disciplina e as bases do método científico experimental e un achegamento á psicoloxía social como pilares da conducta/mente humana, incidindo na contrución do autoconcepto e da autoestima. Estas cuestións conéctanse co peso das emocións no ser humano, tanto no referido á construción do Eu como á aprendizaxe. Os diferentes estilos de aprendizaxe e a variedade de correntes, permitirán ao alumnado situarse, a nivel teórico e práctico, na materia e dotar de sentido os contidos tratados, sempre de xeito interactivo e respectando o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) como base do traballo inclusivo en aula. A continuación se abre ás diferentes procesos ou facultades que constitúen a mente humana: dende os máis sinxelos (sensación, percepción, memoria) ata os máis complexos (intelixencia, aprendizaxe,...). Cunha perspectiva aberta, holista e interdisciplinar se pecha o curso cun acercamento ás psicopatoloxías.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|---------|----|-------|-------|----------------------|-----|-----|---------|
| OBX1 - Entender e valorar a especificidade da psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos. | 1-2 | | 1-2 | 1-2-3 | 11-20-31-32-40-50 | 1 | 2-3 | 1-31-32 |
| OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis de determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da devandita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formarse unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século. | 1-2-3-5 | | 1-2-4 | 1-2-3 | 11-12-20-31-32-40-50 | 1-3 | 2 | 31 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|-------|----|----------------------|-----|----|-------|
| OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia para nosa adaptación ao medio e para a supervivencia dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os devanditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser capaz de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais. | 1-2-3 | 3 | 1-2-4 | 1 | 11-12-20-31-32-40-50 | 1 | | 31-41 |
| OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores, analizando que é a psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao entorno. | 1-2 | 1 | 1-2-4 | 1 | 11-12-20-31-32-40-50 | 1 | | |
| OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír ao ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais. | 1-5 | 1 | 2-4 | 1 | 11-12-20-31-32-40-50 | 2-3 | | |
| OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais. | 5 | | 1-2-4 | 1 | 11-12-20-31-32-40-50 | 2-4 | 3 | |

Descrición:

As competencias expresaranse, na súa relación cos criterios en forma de descritores operativos. Cando se precise maior concreción, expresaranse en competencias.

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | A Psicoloxia: orixe, principais paradigmas, análise dun caso. Método científico e Psicoloxía, confrontación doutras perspectivas coa visión de Caparrós. Avaliación mediante Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 15 | 16 | X | | |
| 2 | Procesos cognitivos: motivación, personalidade, afectividade e aprendizaxe | Estudo da motivación, persoalidade, afectividade e aprendizaxe desde diferentes perspectivas (Rojas Estapé, conductismo desde Pavlov a Skinner, Ausubel, Piaget, Vigotsky, Maslow. Efecto Pigmalión. Autoconcepto, autoestima, piases, "autoestima enferma", Cortisol e conduta... Avaliación mediante Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 15 | 14 | X | | |
| 3 | Fundamentos sociais da conduta humana | Introdución aos fundamentos sociais da conduta humana: a dinámica de grupos. Liderado, grupos, etapas, roles (activación/desactivación). Análise de caso. Avaliación mediante Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 15 | 14 | X | X | |
| 4 | Procesos cognitivos: sensación, percepción, memoria e atención | Estudo da sensación, percepción, memoria e atención. Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 15 | 12 | | X | |
| 5 | Fundamentos biolóxicos da psicoloxía | Elementos biolóxicos da conduta. Avaliación mediante Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 15 | 26 | | X | |
| 6 | Neurociencia da conduta | Cerebración, hormonas, neuronas, cerebro e mente, cartografía do cerebro. Avaliación mediante Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 10 | 16 | | X | X |
| 7 | Psicopatoloxías | A conduta humana e as psicopatoloxías: diferentes perspectivas de tratamento. Avaliación mediante Rúbricas acordes a competencias e criterios prescritos. | 15 | 18 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación. | Cuestións variadas DUA | PE | 80 |
| CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, entre outras. | Cuestións variadas (DUA) e caso práctico de reflexión. | | |
| CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade. | Traballo de investigación con RTG RTI e SIF (Aula de informática asignada). Na proba tamén se contribúe a avaliar. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O saber psicolóxico. - Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. - Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e áreas de aplicación. - Obxectivos que caracterizan a psicoloxía. - O desenvolvemento histórico da psicoloxía. - A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. - A constitución da psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX. - As distintas teorías psicolóxicas. - Os métodos de investigación en psicoloxía. - O método científico. - A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas. - A investigación correlacional. Correlación e causalidade. - O método experimental: variables, grupos e mostras. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 2 | Procesos cognitivos: motivación, personalidade, afectividade e aprendizaxe | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas. | Definición de aprendizaxe, distinción dos tipos, conceptos básicos (esquemas cognitivos e aprendizaxe significativa, construtivismo...) | PE | 100 |
| CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes. | Condutismo clásico e operante. Perspectiva constructivista (Vigotsky e Ausubel) | | |
| CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | Define autoconcepto, autoestima. Explica vinculación motivación, a xestión emocional -especialmente frustración, ira, tristeza, conflito. | | |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Reflexión sobre elementos motivacionais, xenéticos e ambientais na construcion da personalidade como punto de partida para, a través de elementos afectivo-cognitivos, conseguir unha evolución axeitada da mesma (Circo das mariposas) | | |
| CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais. | Análise Circo das mariposas (escena do uso e desprecio do corpo da muller con fins sexuais: reflexión sobre a importancia do establecemento de relacións afectivo-sexuais baseadas na igualdade e no respecto á maduración persoal) | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Definición de procesos cognitivos superiores. - As habilidades cognitivas. - A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe. - O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo. - Tipos de aprendizaxe. - A motivación. - Teorías sobre a motivación. - Motivación e logros no ámbito educativo e profesional. - A frustración e as súas causas. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Consciencia e inconsciencia. - Identidade e autoestima. - Alteracións da consciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. - A afectividade. - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 3 | Fundamentos sociais da conduta humana | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | Conceptos básicos: motivación, intrínseca, extrínseca, reforzos, diferenza entre emoción e sentimento (exemplo da frustración: causas e posibles respostas). | PE | 100 |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Explica o "Efecto Pigmalion" nun caso dado. | | |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Reflexión sobre a necesidade de normalización dos trastornos mentais e a complexidade que os orixina. | | |
| CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade. | Descrición xeral do tipo de afectos nun caso dado (Circo das mariposas). Detección de, ao menos un caso, trastorno emocional no caso dado. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais. | Listado de elementos negativos do uso do desprecio do corpo da muller con fins sexuais. | | |
| CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais. | Elabora, a partir do caso práctico, unha reflexión crítica respecto ao peso da construción da identidade desde a perspectiva intra e interpersonal (introspección, entorno e experiencias). Analiza o papel das atribucións alleas e propias sobre o comportamento (proxección e autoimaxe) | | |
| CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula. | Comparación tipos de liderado e influencia nos comportamentos antisociais, prosociais e na obediencia a partires do comentario en clase, que se plasmará nunha análise crítica do audiovisual (Circo das mariposas) | | |
| CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá. | Detecta, nun caso dado -Circo das mariposas-, os estereotipos de xénero, os conflitos, a cohesión e a polarización grupal desde a perspectiva da Dinámica de grupos (roles e liderados) | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A motivación. - Teorías sobre a motivación. - Motivación e logros no ámbito educativo e profesional. - A frustración e as súas causas. - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Consciencia e inconsciencia. - Identidade e autoestima. - Alteracións da conciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. - A afectividade. |

Contidos

- As emocións e os trastornos.
- Afectividade e sexualidade.
- A cognición social.
- O eu social: autoconcepto e identidade.
- Percepción e atribución social.
- Influencia social.
- Conformidade e obediencia. Influencia do líder.
- Impacto emocional das redes sociais.
- Actitudes e cambio de actitudes.
- Procesos de persuasión.
- Comportamento interpersoal.
- A atracción interpersoal.
- Comportamentos prosociais e antisociais.
- Relacións intergrupais.
- Estereotipos e prexuizos. Estereotipos de xénero.
- Conflito, cohesión e cooperación.
- Psicología dos grupos: a polarización grupal.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 4 | Procesos cognitivos: sensación, percepción, memoria e atención | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano. | Relaciona os conceptos de sensación e percepción mediante a realización de actividades diversas que respecten o DUA | PE | 55 |
| CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística. | Explica de xeito escrito a influencia da percepción na creatividade á hora de comprender a realidade (aplicación DUA) | | |
| CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes. | Define intelixencia e describe, a teoría de intelixencias múltiples, aplicando a mesma a un caso práctico para resolver. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos. | Tipos de pensamento. | | |
| CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | Relación motivación-emoción-pensamento-conduta. | | |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Definición e análise das consecuencias que sofren as persoas que padecen trastornos mentais: esquecemento e marxinalización como elementos básicos a eliminar. | | |
| CA3 3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados á mesma, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal. | (Parte do traballo de investigación 2) Define e relaciona os conceptos de atención, percepción e nomea os trastornos asociados a esta (aplicación DUA mediante a realización de un mural colaborativo no que se poñan en prácticas competencias traballadas en aula) | | |
| CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas. | Analiza de xeito oral -exposición grupal- o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos (Rúbrica SIF conectada con competencias). | | |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Relación de trastornos mentais e construción da personalidade: o conflito en Gaza. | TI | 45 |
| CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade. | Exposición grupal dos contidos de Quérote (Dirección Xeral de Xuventude) | | |
| CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais. | Exposición grupal dos contidos de Quérote (Dirección Xeral de Xuventude) | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Sensación e percepción. Definición e relación. - Organización da percepción e constancias perceptivas. - A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt. - A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar. |

Contidos

- Percepción e atención.
- Tipos de atención.
- Trastornos da atención.
- A memoria. Memoria e atención.
- Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil.
- Breve aproximación ás teorías sobre a memoria.
- A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación.
- Tipos de memoria.
- Memoria a curto prazo ,memoria operativa e memoria a longo prazo.
- Memoria episódica, semántica e procedemental.
- O esquecemento: factores que interveñen.
- Métodos para mellorar o recordo.
- A intelixencia.
- Modelos de intelixencia.
- Fases do desenvolvemento da intelixencia.
- A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual.
- O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía.
- A motivación.
- Teorías sobre a motivación.
- Motivación e logros no ámbito educativo e profesional.
- A frustración e as súas causas.
- A personalidade.
- Teorías sobre a personalidade.
- Fases da personalidade.
- Métodos de avaliación da personalidade.
- Consciencia e inconsciencia.
- Identidade e autoestima.
- Alteracións da consciencia e da personalidade.
- Psicopatoloxía e trastornos da personalidade.
- A afectividade.

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. - Afectividade e sexualidade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 5 | Fundamentos biolóxicos da psicoloxía | 26 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da que está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células gliais. | Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema neural (aula de informática e aplicación DUA) | | |
| CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recopilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso, e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas TIC, distintos esquemas e traballos de investigación nos que se distingan as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos. | Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema nervioso central (CD en Aula de informática) | | |
| CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais. | Distingue e recoñece as diferentes técnicas de investigación cerebral (realización de dítico/tríptico en soporte analóxico) | TI | 100 |
| CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interfaz necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais. | Especifica por escrito como regula as actividades vitais do organismo o sistema nervioso central (traballo grupal e aplicación RTG e RTI) | | |
| CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar ao corpo para todo tipo de reaccións comportamentais. | Exposición interactiva na que se explicita a función dos neurotransmisores e do sistema endócrino (CD, CCL e aplicación DUA) | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano | Reflexión individual seguindo a técnica de traballo "ensaio": natureza ou cultura, que nos fai ser o que somos? | | |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Traballo de investigación 2: Trastorno mental: complexidade, factores, psicopatoloxías e métodos de estudo. Da marxinalización á normalización e inclusión, posibilidades. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A neurona. - A estrutura da neurona. - O impulso neuroeléctrico e a sinapse. - As células gliais. - O sistema nervioso. - Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes. - As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo. - O sistema nervioso periférico. - A química da mente. - Os distintos neurotransmisores. - O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta. - Xenética e conduta. - O xenoma humano. - O estudo da influencia da xenética na conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética. - Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos. - As diferenzas psicolóxicas transculturais. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O papel das hormonas. - O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica. - As teses da psicoloxía evolucionista. - As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero. - A afectividade. - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. - Afectividade e sexualidade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 6 | Neurociencia da conduta | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas. | Investigación seguindo DUA e esquema da investigación da primeira avaliación (trastornos: procesos e habilidades cognitivas) | TI | 100 |
| CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes. | Manexa os conceptos da primeira avaliación (conductismo, constructivismo, organizadores previos, Teoría da Andamiaxe) Relaciona a teoría de Skikker, Ausubel, Piaget e Vigotsky cos posibles trastornos da aprendizaxe (Aplica na investigación 2) | | |
| CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes. | Realiza unha exposición interactiva sobre a intelixencia (e pensamento)e os diferentes modelos. | | |
| CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos. | Realiza unha exposición sobre o pensamento (e intelixencia) e os seus tipos, | | |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Relaciona personalidade, afectividade e motivación co traballo de investigación 2. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------|
| |

Contidos

- Definición de procesos cognitivos superiores.
- As habilidades cognitivas.
- A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe.
- O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo.
- Tipos de aprendizaxe.
- A intelixencia.
- Modelos de intelixencia.
- Fases do desenvolvemento da intelixencia.
- A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual.
- O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía.
- A motivación.
- Motivación e logros no ámbito educativo e profesional.
- A frustración e as súas causas.
- A afectividade.
- Teorías sobre a afectividade.
- As emocións e os trastornos.
- Afectividade e sexualidade.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 7 | Psicopatoloxías | 18 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas. | Analiza de xeito escrito o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos. | PE | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula. | Psicopatoloxías relacionadas coa dimensión social do ser humano | | |
| CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá. | Prexuízos, conflito e polarización en relación coas psicopatoloxías. | | |
| CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano | Expón oralmente e debate sobre a influencia da xenética ou a cultura nas conduta humana. Fase 1 RTG RTI e SIF Fase 2 SIF | | |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais | TI | 50 |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións nun dossier colaborativo que editarán en formato dixital en Aula de Informática. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xenética e conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Percepción e atención. - Trastornos da atención. - A personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Alteracións da conciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. |

Contidos

- A afectividade.
- Teorías sobre a afectividade.
- As emocións e os trastornos.
- Afectividade e sexualidade.
- Influencia social.
- Impacto emocional das redes sociais.
- Actitudes e cambio de actitudes.
- Procesos de persuasión.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase na teoría da aprendizaxe significativa, inspirada nos traballos de Vigostsky, Piaget e, especialmente, de Ausubel e no DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe). Os obxectivos como didactas serán:

1. Poñer ao descuberto os prexuízos, coñecementos previos... da persoa aprendiz.
 2. Provocar no educando un conflito cognitivo.
 3. Modificar os seus esquemas previos.
 4. "Recolocar" os novos coñecementos de xeito que sexan asimilados polo/a alumno/a.
- Como vemos, este xogo de, por así dicilo, ruptura-reconstrución casa moi ben ca idea do método socrático. Este, como sabemos, consiste esencialmente en empregar o diálogo para chegar ao coñecemento (maieútica). A idea chave é que a profesora non inculca as ideas ao alumno ou alumna, senón que, é o propio educando o que extrae de si mesmo o coñecemento, adaptándose a todas/os, ás súas potencialidades, intereses, estilos e ritmos (DUA).

As súas fases serán as seguintes:

1. Formulación da cuestión que vertebra cada unidade por parte da profesora e audiovisual introdutorio.
2. Rebatemento e guía das respostas dadas ao debate suscitado trala visualización dun audiovisual.
3. Discusión sobre o tema co fin de que provocar a confusión (conflito cognitivo) no alumnado ao caer na conta de que xa non ten tan claro aquilo que cría saber perfectamente (recopilación de coñecementos previos).
4. Tras este momento de incómoda confusión, irase chegando progresivamente a definicións cada vez máis precisas sobre o tema-cuestión que se investiga.
5. A discusión concluirá cando os educandos consigan, grazas á guía da profesora, acadar os coñecementos aos que pretendiamos chegar (reconstrución).

En canto ao modo expositivo, en coherencia coa metodoloxía, será sempre interactivo, as explicacións da profesora seguirán algúns criterios básicos:

1. Rigor argumental, de modo que o alumnado poida seguir o camiño da reflexión que fundamenta e xustifica as teses expostas.
2. Claridade expositiva, froito dunha linguaxe accesible, que non renuncia por ilo á precisión e á esixencia de que o/a alumno/a se faga cun mínimo de vocabulario técnico desta disciplina.
3. Imparcialidade, que leva a expoñer con ecuanimidade os argumentos a favor e en contra das posturas expostas.
4. Peche do discurso, é dicir, as explicacións non se deixarán a medias, senón que se expoñerán as conclusións de xeito claro, unha vez que se teña percorrido todo o camiño de construción de coñecemento (para isto servirá de soporte compilatorio a idea de "ficha de traballo").
5. Proximidade ao mundo do/a alumno/a de xeito que se recorra, sempre que sexa posible, a exemplos extraídos da experiencia máis cercana (as experiencias, propias e alleas, serán un elemento recorrente para establecer anclaxes que permitan establecer pontes cognitivas entre os coñecementos previos e os novos).
6. A exposición será interactiva, aberta ao diálogo e utilizando un modelo emirec (interacción baseada no cambio de rol de emisor a receptor con base a unha relación horizontal), defendido por Roberto Aparici.

As actividades recolleranse nun portafolio, no que se irán incluíndo todas as fichas de traballo e cuestións propostas pola profesora. Este entregárase en Aula Virtual, para evitar o extravío da documentación, a acumulación de papel e/ou os conflitos profesora-alumnado respecto á entrega ou non das tarefas. Será un traballo continuo e o seu rexistro será dixital. Isto favorecerá a conquista das aprendizaxes e o logro, polo tanto, dos obxectivos conceptuais, procedimentais e actitudinais propios da materia.

Cada proba contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen, acordes á normativa e á presente programación. As ferramentas de avaliación serán coñecidas polo alumnado previamente. Polo tanto, cada rúbrica será traballada na aula. Diseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos, permitindo así a adaptación ao alumnado e a conquista das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e libros en aula.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual |
| Biblioteca dixital |
| Apuntamentos dixitais ou en papel |
| Videos e tutoriais de apoio para a realización de traballos e tarefas |
| Bibliografía e webgrafía |
| Fragmentos escollidos |

Utilizarase a Aula Virtual -tanto en aula habitual cando a profesora o indique, a través dos teléfonos móbiles, como durante a sesión semanal en Aula de Informática asignada ou fóra do centro, de quedar tarefas sen subir ou material por revisar- como espazo no que o alumnado:

- 1) Realizará o Portafolio e os Traballos de investigación.
- 2) Contará con material complementario.
- 3) Realizará probas tanto de libros como de partes das probas do 40%.

Libros de lectura en aula (non teñen que comprar, lese en clase e coméntase):

- Cómo hacer que te pasen cosas buenas, Marian Rojas Estapé.
- El alma está en el cerebro, Eduard Punset.

Colaborarase co Departamento de Orientación para tarefas puntuais.

Terase en conta para o desenvolvemento da materia as actividades, plans, proxectos e programas nos que o centro participa, vinclados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase un cuestionario escrito para que poidan constatar, unha vez que se realizou o traballo en aula, o seu punto de partida e o seu avance, desde un enfoque criterial-competencial. Indica un punto de partida para a profesora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 10 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 100 | 100 | 55 | 0 | 0 | 50 | 58 |
| Táboa de indicadores | 20 | 0 | 0 | 45 | 100 | 100 | 50 | 42 |

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada alumna/o extraerase dos seguintes instrumentos e nas seguintes porcentaxes:

- 40%: 2 probas teórico-prácticas nas que se recollan criterios conforme á norma e que permita avaliar estes e as competencias, respectarase o DUA en todas as probas (unha das partes das probas realizarase sempre en Aula Virtual). A parte práctica, poderase realizar en aula -total ou parcialmente-, na data acordada, ou en casa, segundo se indique por parte da profesora no instrumento deseñado en cada caso (estas colgaranse en Aula Virtual).

- 30% Portafolio:

1) Traballo individual (fichas de traballo que se realizarán en clase e se subirán á Aula Virtual. Poderase cualificar neste apartado tamén foros e outro tipo de tarefas que faciliten a aprendizaxe e preparen ao alumnado para as probas. A pesares de ser unha cualificación individual, terase en conta a colaboración entre iguais para redondear á alza a cualificación final da avaliación. Por exemplo, se a cualificación final, unha vez sumada a proporción de cada parte, dese un 4,6, poderase subir ata 0,6 se a alumna ou alumno colaborou coas compañeiras de xeito destacado. A razón desta excepción ao redondeo por avaliacións sosterase na norma e xustificárase, de darse o caso) [de entregar todas as tarefas, a cualificación neste apartado será 1,5]

2) Traballo grupal de investigación: realizaránse dous ao longo do curso, e de cada un destes extraerase unha nota aplicando unha rúbrica para a súa cualificación de traballo grupal (con criterios e descritores operativos). Cualificarase o desempeño individual tamén, durante as sesións nas que se realice a investigación (o primeiro traballo será de 4 sesións e o segundo de 8, por presentar maior complexidade). Isto implica que, a pesares de non ter un produto final nalgunha das avaliacións (traballo de investigación completo), haberá unha cualificación para a parte do traballo realizado. Realizarase un informe no que se especifiquen os indicadores, relacionados con obxectivos operativos ou competencias e con C.A indicados en cada enunciado dos traballos propostos. Unha copia entregárase a cada grupo, xustificando, de xeito numérico e cualitativo as súas avaliacións. Unha vez rematado o traballo completo, extraerase unha cualificación grupal, unha individual e unha da rúbrica SIF (máximo 1).

3) Intervencións en aula para as que se aplicará a rúbrica SIF xeral (esta concretarase con indicadores vinculados con CA e competencias ou DO), que se [máximo 0,5].

- 30%: 1 proba, como mínimo por avaliación, en Aula virtual. Temos aula de informática asignada unha vez por semana na que, ademais de traballos de Portafolio, e probas do 40%, realizarán 1 proba, como mínimo, por avaliación, de dous libros (Cómo hacer que te pasen cosas buenas, de Marian Rojas Estapé e El alma está en el cerebro, de Punset) que o alumnado non terá que comprar, posto que se realizará a lectura comentada en clase, onde a profesora extraerá preguntas, que se resolverán en común, para que constitúan o contido das probas en Moodle. Estas serán variadas, para poder adaptar a DUA con base tanto criterios como competencias, co obxectivo de ir traballando estes e contribuir a conseguir o dominio dos descritores operativos.

A cualificación de cada avaliación parcial terá como resultado a media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase o redondeo, podendo aumentar 1 punto na cualificación final, de realizar un traballo de investigación individual, realizado segundo a estrutura dos traballos previos. Tamén realizará unha análise sintética, desde a perspectiva dos contidos da materia de Psicoloxía, dun libro a maiores dos traballados en aula. Ambas tarefas -entregadas en formato dixital en Aula Virtual- terán que acadar, como mínimo, unha puntuación, segundo rúbrica con base nos elementos de cualificación prescritivos - con indicadores derivados destes-, de 8 de media.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar pola profesora, sempre velando polo seguimento do curso e a adaptación ao DUA. Prioritariamente, e tendo en conta o negativo da desmotivación do alumnado, as tarefas de recuperación realizaranse

antes do inicio do seguinte trimestre e, na avaliación final, antes da avaliación ordinaria.

Cando un alumno/a teña algunha/s avaliación/s non superada, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios e competencias prescritos, desde unha perspectiva de "mínimos". A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas. O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

Aplicarase o DUA, como se indica na norma 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

"o deseño universal para a aprendizaxe (DUA) ten en como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade; asegura que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias"

Isto implica, desde unha perspectiva metodolóxica que percorre a presente programación, que non se deseñen tarefas para "unhas poucas", se non que a diversidade das mesmas permita que ningún quede fóra. A pesares disto, de ser preciso, e sempre tendo en conta o asesoramento do Departamento de Orientación, aplicarase as medidas previstas na normativa vixente, sempre tendo como horizonte o benestar do alumnado e a superación da materia, polo que se realizarán as adaptacións que sexan precisas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

A comprensión dun mesmo/a e dos outros e outras, propias das ferramentas que a materia de psicoloxía contrúe, serán clave na contribución na consecución dos elementos transversais do curriculum.

O traballo por proxectos e en grupos, favorecera a educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminación (eurocentrismo, machismo, racismo...). Velarase polo bo ambiente grupal e polo respecto mútuo.

O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Emocións: algúns mitos, en colaboración co departamento de Orientación | Dinámica de emocións | X | | |
| Taller interactivo sobre xestión emocional a cargo de Susana Iglesias | O obxectivo do taller é aprender a detectar as distintas emocións e a como controlar a ansiedade, así como comprender que é a intelixencia emocional. | | X | |

Observacións:

Son dúas actividades complementarias entre si e teñen como obxectivo priorizar o benestar do alumnado nun curso tan esixente a nivel emocional como 2º de Bacharelato.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 7. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final, de ser preciso. |
| Metodoloxía empregada |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo. |
| 4. Traballo da motivación do alumnado. |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 5.. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 3. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| 6. Adecuación dos criterios e competencias/DO establecidos |
| Outros |
| 8. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado (DUA) |

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos. Para elaborar dito resultado: Entregarase ao alumnado un instrumento no que poidan avaliar respecto aos todos os indicadores (coavaliación), para poder contrastar entre os datos recollidos mediante instrumentos propios e o percibido polas persoas destinatarias da programación. Realizarase ao finalizar cada avaliación e reservarase un espazo en branco para que o alumnado poida aportar, de xeito anónimo, as súas opinións ao respecto. O obxectivo é poder obter información tanto cuantitativa (escala gradual 1-4) como cualitativa, non cuantificable, pero de gran valor para a avaliación do desempeño docente e do deseño da Programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados

1. Mínimos prescritos

Os mínimos que se esixirá neste cursos, dado que se remata a etapa do Bacharelato, serán os relacionados cos descritores operativos, prescritos na norma. Vincularanse aos obxectivos da materia, sempre de xeito xustificando en todas as probas realizadas, traballos de investigación... que contén para a cualificación do alumnado. Velarase sempre polo dereito deste a ser avalado de xeito adecuado, respectando os seus dereitos.